

## ENGLISH TODAY!!

Dende a Concellería de Mocidade tamén queremos seguir apostando pola formación da mocidade en linguas.

ENGLISH TODAY!! consiste nunha formación práctica do inglés para o día a día, coa finalidade de obter unha comunicación e comprensión extensa do idioma e poder aplicalo en diferentes contextos e situacións reais da vida diaria (unha entrevista de traballo, unha viaxe, un día de compras, un hospital...)

Ao longo do curso traballarase de xeito práctico e entretido o inglés, para reforzar ámbalas dúas disciplinas e poder desenvolverse sen dificultade nunha conversa.

O curso desenvolveranse de febreiro a maio 2019, cunha duración de 90 minutos diarios durante dous días á semana. O número máximo de alumnos é de 10 por curso, para obter o máximo aproveitamento das clases, facendo un seguimento regular da evolución da cada un.

O horario das clases é o seguinte:

ENGLISH TODAY!!	LUGAR	DE FEBREIRO A MAIO
	Casa da Cultura Milladoiro	Luns e mércores de 20.00h-21.30h
	Casa da Cultura Bertamiráns	Martes e xoves de 20.00h-21.30h

Os requisitos para matricularse son estar empadroad/a no Concello de Ames e ter de 16 anos cumpridos en diante, tendo preferencia en caso de ter máis solicitudes de inscrición que prazas, os mozos/as entre os 16 e os 30 anos.

É importante para o bo desenvolvemento do curso, ter uns coñecementos mínimos de inglés (nivel ESO ou equivalente), deste xeito conseguirase o máximo aproveitamento.

Será preciso para iniciar a formación contar cun mínimo de 6 alumnos/as en cada curso. En caso de non cumprirse este requisito, o Concello de Ames, poderá anular a actividade.

O curso desenvolverase dende o 5 de febreiro ata o 23 de maio, ámbolos dous incluídos, previa fase de inscrición do 22 de xaneiro ao 1 de febreiro. A inscrición farase efectiva cumprimentando a ficha e enviándoa a [omix@concellodeames.gal](mailto:omix@concellodeames.gal) ou entregándoa persoalmente na propia OMIX (por orde de chegada) xunto coa fotocopia do DNI.

Dita solicitude estará dispoñible na OMIX (Casa do Concello en Bertamiráns luns, mércores e xoves, e Casa da Cultura en Milladoiro martes e venres) e na web [www.concellodeames.gal](http://www.concellodeames.gal).

Para máis información pode poñerse en contacto coa OMIX de Ames a través do teléfono 616083229 ou o correo electrónico [omix@concellodeames.gal](mailto:omix@concellodeames.gal).